



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA S.L.U. PARA A DIFUSIÓN INFORMATIVA DA CAPITALIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN NO ANO 2020.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura e Turismo

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral Técnica ten previsto formalizar coa Corporación Voz de Galicia S.L.U o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións a través das cales se vai articular a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a Axencia Galega das Industrias Culturais, a Fundación Cidade da Cultura e a Corporación Voz de Galicia S.L.U. para contribuír á realización de actuacións de difusión da cidade de Santiago de Compostela no ámbito relacionado coa cultura e co patrimonio cultural.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

-A Xunta de Galicia ten competencia exclusiva sobre Patrimonio cultural, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no



artigo 148.1.16 da Constitución Española; en virtude desa competencia dítase a Lei 5/2016 do 4 de maio de 2016, do patrimonio cultural de Galicia. Tamén ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Do mesmo xeito o artigo 148.1.18ª da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial; así a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21). Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura e Turismo vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

-A Consellería de Cultura e Turismo, dentro dos ámbitos da súa competencia amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais e turísticas que teñan por obxecto a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega.

-A Consellería de Cultura e turismo, como órgano competente en materia de promoción e difusión da nosa cultura, considera esencial levar a cabo actuacións conxuntas que contribúan a que os cidadán dispoñan da maior e mellor información posible.

-A Consellería considera esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan levar a cabo unha campaña de difusión e información a través dos medios de comunicación das potencialidades da cidade de Santiago de Compostela mediante a difusión de información relativa á imaxe e Santiago de Compostela nos ámbitos de actuación da consellería. A difusión tomará como eixos: o turismo, as letras, o audiovisual, o musical, as artes escénicas, o patrimonio cultural e outros moitos, todos eles relacionados coa cultura, tendo especialmente en conta o contexto da celebración do Xacobeo 2021.



-Os medios de comunicación son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas. A información e comunicación difundidas a través dos medios de comunicación constitúe un instrumento esencial para o desenvolvemento pleno da persoa, tanto a nivel individual como social.

Os medios de comunicación social desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos, e por elo acadan unha específica resonancia social.

-A Corporación Voz de Galicia S.L.U é a empresa matriz do grupo de comunicación que integra o xornal en formato papel La Voz de Galicia; o xornal dixital www.lavozdegalicia.es; e Radio Voz. La Voz de Galicia, cuxo ámbito principal é Galicia, é o diario galego con maior difusión en Santiago de Compostela de acordo cos datos da última onda do Estudo Xeral de Medios (EXM). É un periódico que conta cunha edición dedicada diariamente a Santiago de Compostela.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria
(*asinado dixitalmente*)

